



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E CURSOS INTERNACIONAIS DA USC SL PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACCIÓNS PROMOCIONAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Santiago de Compostela, a 9 de xuño de 2016

REUNIDOS

De unha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013, do 21 de febreiro, e conforme ás facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

De outra, -----, con NIF-----, conselleira-delegada desta entidade, en nome e representación da Sociedade Cursos Internacionais da USC SL con CIF B15544554, con domicilio en San Xerome, Praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, apoia as iniciativas conducentes á promoción do Camiño de Santiago a través no estranxeiro, por considerar que isto redunda positivamente no turismo que é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo.- Que a sociedade Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.A foi constituída o día 28 de decembro de 1995. A sociedade é transformada en Sociedade de Responsabilidade Limitada en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. -----, en data 15 de decembro de 2006, posteriormente complementada por escritura ante o mesmo Notario, o 1 de outubro de 2007, procedéndose no exercicio 2007 á inscrición da transformación no Rexistro Mercantil da Coruña, no Tomo 262, Folio 150, Folla C-15.962.



Terceiro.- Que a sociedade Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, SL constitúese co obxecto de servir de apoio instrumental á Universidade de Santiago de Compostela para:

- Impartir cursos de español a estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Impartir cursos de galego para estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Impartir cursos de idiomas modernos a españois durante o verán.
- Organizar os exames para a obtención de Títulos Oficiais de español.
- Organizar a edición de materiais destinados á ensinanza do español para estranxeiros.
- Organizar cursos especializados e monográficos relacionados coas actividades indicadas.

A sociedade atenderá así mesmo ao desenrolo das actividades indicadas, promovendo a organización de viaxes, excursións, organización de actividades culturais dentro do ámbito sinalado, aloxamento dos asistentes e cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, tódalas orientadas á mellor e máis completa formación dos estudantes.

Cuarto .-Por parte da Axencia Turismo de Galicia considerase axeitado, por razóns de interese público, colaborar economicamente no desenvolvemento destas actividades e o carácter único da entidade organizadora do mesmo xustifica a dificultade para promover a súa convocatoria pública segundo dispón o artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Por todo isto, as partes asinantes subscriben este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Cursos Internacionais da USC SL para levar a cabo a realización conxunta de accións promocionais do Camiño de Santiago e dos cursos de temática xacobeá organizados por Cursos Internacionais da USC, coa finalidade de



incrementar o número de estudantes internacionais que elixen Santiago de Compostela como destino educacional.

O plan promocional para 2016 vai dirixido a mercados xa consolidados como Estados Unidos, Canadá, Brasil, Tailandia e China nos que Cursos Internacionais nos que xa se desenvolveron accións de promoción directa que se concretaron na recepción de grupos de estudantes, en moitos casos contribuíndo á desestacionalización da oferta turística.

Estados Unidos como Canadá son considerados mercados preferentes para a promoción dos cursos do Camiño, xa que as universidades destes países inclúen nos plans de estudos programas que combinan a formación na aula coa experiencia de inmersión cultural no Camiño. Parte da promoción para estes países levarase a cabo mediante unha misión inversa.

Así mesmo, co fin de manter a presenza no sureste asiático no que Tailandia é un mercado destacado participárase no IX Congreso da Asociación Asiática de Hispanistas organizado por unha das universidades de maior prestixio e influencia neste ámbito.

Complementarán o obxecto deste convenio diversas actuacións en Brasil, China así como unha Xornada Turismo Idiomático en Ávila España. Xornada inversa sobre Turismo educacional/viaxes escolares.

As finalidades perseguidas con estas actuacións son entre outras,

- Dar a coñecer Galicia, en xeral, e Santiago de Compostela, en particular, como destinos para o turismo idiomático e cultural.

- Presentar o Camiño de Santiago como materia de estudo multidisciplinar (historia, arte, literatura, xeografía, economía) que favorece as experiencias de inmersión cultural.

- Divulgar a oferta académica de Cursos Internacionais, especialmente dos seus programas de temática xacobeá - Curso do Camiño de Santiago, Curso de español



para hospitaleiros, e Curso de liderado e emprendemento no Camiño de Santiago - en Brasil, Estados Unidos, Canadá, Tailandia, e China.

–Organizar unha misión inversa en Galicia centrada Estados Unidos e Canadá para dar a coñecer Galicia como destino turístico e Cursos Internacionais da USC como destino idiomático.

–Fomentar a divulgación do Camiño de Santiago e dos programas xacobeos a través dos medios tradicionais (folletos, carteis, notas de prensa, ente outros) e dixitais (Web, facebook e marketing dixital).

As accións para desenvolver o obxecto deste convenio serán as seguintes:

1.Actuacións en Tailandia

1.1.-Participación no IX Congreso de la Asociación Asiática de Hispanistas.

Realizáranse visitas institucionais ás principais universidades tailandesas con departamento de español para a presentación dos cursos de lingua e cultura, especia Participación no IX Congreso da Asociación Asiática de Hispanistas e presentación de dous relatorios impartidos por unha profesora de Cursos Internacionais e un profesor titular da USC.

En particular leváranse a cabo as seguintes accións:

- Reunión técnica con axentes lingüísticos locais.
- Visita á Universidade Thammasat, Universidade Chulalongkorn e Universidade Mahidol para levar a cabo reunións cos profesores do departamento de español e presentacións para os estudantes.
- Reunións institucionais con representantes do Ministerio de Educación de Tailandia e a Embaixada de España en Bangkok.



Institucións Colaboradoras

- Ministerio de Educación de Tailandia.
- Universidades e escolas internacionais con sección de español.
- Embaixada de España en Bangkok.

2.Actuacións en Canadá e Estados Unidos

2.1- Participación na Conferencia Anual NAFSA 2016, Denver.- Colorado

As accións a desenvolver serán as seguintes:

- Participación en NAFSA 2016. Promoción dos programas xacobeos e do Camiño de Santiago.
- Visitas institucionais para presentación do Camiño e dos programas xacobeos en universidades, colleges e escolas secundarias (*high schools*) do Estado de Colorado.
- Encontro coa delegación local da asociación *American Pilgrims on the Camino* en Denver: Colorado Front Range (Denver-Boulder).
- Reunión de traballo coa *Metropolitan State University of Denver* para organización dun curso de formación de profesores norteamericanos centrado no estudo do Camiño de Santiago.

2.2-Misión inversa para universidades norteamericanas e canadenses

Organizarase unha misión inversa de tres días de duración destinada a directores de departamentos de español e oficinas de *study abroad* de 6 universidade (3 de USA e 3 de Canadá) con interese en promover programas combinados de español e Camiño de Santiago.

Esta actuación comprenderá unha estadía de tres días para a presentación ca cidade, a universidade e outros puntos de Galicia de especial interese turístico e cultural (Ribeira Sacra e Camiño Sueste, Vía da Prata).



Institucións Colaboradoras

- Embaixada de España en Estados Unidos, Consellería de Educación.
- Universidades e centros de estudo de EEUU.
- Asociacións de amigos do Camiño de Santiago.

3. Actuacións en Brasil

3.1-Participación na VIII ENAP- Encontro Nacional de Asociacións de Peregrinos de Brasil.

3.2-Organización de conferencias e cursos sobre o Camiño de Santiago en São Paulo, Brasilia e Porto Alegre dirixidos a membros das asociacións de peregrinos, estudantes do Instituto Cervantes, estudantes e profesores universitarios.

En concreto, desenvólveranse as seguintes accións:

3.2.1-Río Grande do Sul

- Conferencia coa temática do Camiño e presentación dos programas xacobeos na VIII ENAP- Encontro Nacional de Asociacións de Peregrinos de Brasil, organizado pola *Associação dos Amigos do Caminho de Santiago de Compostela do Estado de Rio Grande do Sul* (ACASARGS) do 21 ao 24 de abril de 2016 en Caixias do Sul.
- Reunións con representantes das asociacións de amigos do Camiño de Santiago do Estado de Río Grande do Sul para presentación dos programas xacobeos e do Camiño.
- Conferencia sobre o Camiño de Santiago no Instituto Cervantes de Porto Alegre, impartida polo técnico do Xacobeo Manuel Rodríguez e presentación dos programas do Camiño pola técnica de Cursos Internacionais.



- Reunións técnicas con axentes educativos.

3.2.2- São Paulo

- Conferencia sobre o Camiño de Santiago no Instituto Cervantes de Porto Alegre, impartida polo técnico do Xacobeo Manuel Rodríguez e presentación dos programas do Camiño pola técnica de Cursos Internacionais.
- Reunión con técnicos OET de São Paulo para a presentación de novos formatos dos cursos do Camiño.
- Reunións con representantes das asociacións de amigos do Camiño de Santiago do Estado de São Paulo para presentación dos programas xacobeos e do Camiño.
- Reunións técnicas con axentes educativos.

3.3-Presentación de novos formatos do Curso do Camiño de Santiago.

Institucións colaboradoras

- Embaixada de España en Brasil, Consellería de Educación.
- ACACS-SP: *Associação de Confrades e Amigos do Caminho de Santiago de Compostela*; ACASARGS: *Associação dos Amigos do Caminho de Santiago de Compostela do Rio Grande do Sul*.
- Instituto Cervantes de São Paulo, Brasília e Porto Alegre.
- Oficina de Tuerespaña en São Paulo.
- Universidades e centros de estudo dos estados de São Paulo, Brasília e Río Grande do Sul.



5. Actuacións en China

- Presentación de novos formatos dos *programas xacobeos* e dos cursos de lingua e cultura en universidades de Hong Kong, Guangdong y Wuhan.
- Reunións de traballo con axentes educativos.

En concreto celebráanse as seguintes accións

Hong Kong

Reunión con representantes do departamento de linguas modernas e presentación a estudantes de Hong Kong University, City University of Hong Kong, Chinese University of Hong Kong, Hong Kong Polytechnic University.

Guangdong

Reunión con representantes do departamento de linguas modernas e presentación a estudantes na Guangdong Foreign Study University, entre outras.

Wuhan

Reunión con representantes do departamento de linguas modernas e presentación a estudantes da Wuhan University, entre outras.

Institucións Colaboradoras

- Embaixada de España en Pekin.
- Universidades e centros de estudo con departamento de español.



6. I Xornada Turismo Idiomático en Ávila España. Xornada inversa sobre Turismo educacional/viaxes escolares

Esta acción está dirixida a desenvolver o segmento de turismo educacional pola Oficina Española de Turismo en Londres. Así mesmo celebrárase un Encontro en Ávila entre as CCAA y TTOO ingleses especializados, para dar a coñecer as características e necesidades de este tipo de viaxes.

Neste encontro, Cursos Internacionais da USC, presentará os programas, Camiño de Santiago e ELE e Aula mariñeira e ELE, especialmente elaborados para a este novo nicho de mercado.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio é de **40.108,62 €** que se distribúen do seguinte xeito.

Actuacións en Tailandia	
Traslados e aloxamentos	3.507,46€
Gastos dietas	2.119,97 €
Envío material promocional	497€
Total	6.124,43 €

Actuacións en Canadá e Estados Unidos	
Gastos viaxes	2.500.-€
Envío material	350.-€
Credenciais Congreso NAFSA	1.100.-€
Dietas de viaxes	570.-€
Total	4.520.-€



Misión inversa EEUU e Canadá	
Gastos de viaxe	9.600.-€
Aloxamento en Santiago de Compostela	3.360.-€
Xornada a Ribeira Sacra e Vía da Prata	1.200.-€
Traslados en Compostela	360.-€
Total	14.520.-€

Actuacións en Brasil	
Gastos viaxes e traslados	1.809.-€
Dietas viaxes	1.004,85.-€
Total	2.813,85.-€

Actuacións en China	
Traslados	4.620.-€
Envío de material	600.-€
Dietas viaxes	1.418,33.-€
Total	6.638,33.-€

Actuacións en Ávila	
Aloxamentos	109.-€
Dietas	80,01.-€
Traslados	100.-€
Total	289,01.-€

Material promocional, folletos, revistas e carteis:	
Folleto/ revista programas xacobeos	750.-€
Cuaderno Ele e O Camiño de Santiago	2.600.-€
Folletos Cursos Internacionais	1.608.-€
Carteis do curso do Camiño	245.-€
Total	5.203.-€

TOTAL ORZAMENTO	40.108,62.- €
------------------------	----------------------



A Axencia Turismo de Galicia colaborará con 20.000.-euros para o desenvolvemento do obxecto deste convenio con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.744.0 “Convenios con universidades” código de proxecto 20150006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2016, a favor de Cursos Internacionais da USC SL, esta entidade, achegará a cantidade restante para completar o orzamento do convenio.

A achega da Axencia Turismo de Galicia queda sometida ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2016 e ata a data límite de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Terceira.- Obrigas de Cursos Internacionais da USC SL

A entidade Cursos Internacionais da USC SL, ademais do cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a realizar todas as actividades precisas para que o mesmo se desenvolva correctamente. Comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e executar o orzamento de 40.108,62.-€
- Entregarlle á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda, tanto nos medios de comunicación como no material



informativo e pedagóxico que se puidera distribuír (folletos, publicacións de demais documentación).

- Incluir a promoción da marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto deste convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.

-Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

-Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo con anterioridade á sinatura do convenio, Cursos Internacionais da USC SL, presentará unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Quinta .- Xustificación e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007,



do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve.

A conta xustificativa contará alomenos coa seguinte documentación:

1. Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que comprenderá: a relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e de pagamento.
3. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago cos xustificantes de transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados.
4. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no punto 2 .
5. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
6. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario
7. No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Con anterioridade á xustificación das actuacións, Cursos Internacionais da USC SL presentará:



1.-Unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do Regulamento de minimis).

2.-Declaración de (ademais das axudas de mínimos) “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”

3.-Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificado respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas Cursos Internacionais da USC SL deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.



O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de novembro de 2016. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do Convenio.

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sétima.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicarase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Coa sinatura deste convenio Cursos Internacionais da USC SL consinte e autoriza a publicidade dos datos persoais que consten no mesmo, e mailo resto das especificacións contidas nel, no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, ao abeiro do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado Cursos Internacionais da USC SL pola universidade e un representante designado pola



Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2016.

Décima.- Réxime xurídico

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente expresamente no seu artigo 4, apartado c).

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.



Undécima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes se comprometen a continuala ata a finalización das actividades en curso.

A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante prorrateo dos custos entre as partes, en función das contías económicas efectivamente xustificadas.

Lido polas partes, por si mesmas e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínanos e rubricados por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Por Cursos Internacionais da USC SL

D^a María Nava Castro Domínguez